

BANDO INFORMATIVO



COVID-19 EN VIANA DO BOLO O SERGAS confirma varios positivos.

O Goberno municipal ven de recibir confirmación por parte do Servizo Galego de Saúde de varios casos positivos de COVID-19 no noso Concello. As persoas afectadas non precisaron hospitalización, atópanse actualmente en corentena nos seus respectivos domicilios, e dende o Sergas comezouse xa a realizar o rastrexo de contactos en aplicación dos protocolos sanitarios.

Dende o Concello de Viana do Bolo desexamos transmitir unha mensaxe de tranquilidade á poboación, e lembrar, asemade, a importancia de extremar as medidas de precaución e prevención de contaxio: lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou xel hidroalcohólico, respectar as distancias de seguridade e portar máscara en todo momento. A protección individual é clave para evitar a propagación da enfermidade a nivel comunitario. Recoméndase, así mesmo, limitar as saídas do domicilio ás estritamente indispensables para atender as necesidades cotiás.

Tamén queremos desexar ás persoas afectadas unha rápida recuperación, e comunicarlles que este Concello e este Goberno está á súa enteira disposición para calquera cousa que precisen na súa situación de confinamento domiciliario. Lembrar que o servizo de reparto de menciñas e alimentos continúa a operar para toda aquela persoa que así o solicite.

O que se fai público para o xeral coñecemento en Viana do Bolo a 7 de setembro do 2020.



O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo